



www.oqueleo.com

© 2019, Xavier Estévez

© Desta edición: 2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.
e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2-15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-16-7

Depósito legal: M-7339-2019

Printed in Spain - Impreso en España

Primeira edición: setembro de 2019

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Rosa Marín,

Julia Ortega e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

Q

S

Aqueles
momentos
que perdemos

Xavier
Estévez

A

Q

R

oqueleq

«... Un día as persoas comezaron a esquecer.

Esquecérono todo.

Os fillos esqueceron de súpeto o nome dos seus pais; os pais esqueceron que un día tiveran fillos, e todo o mundo quedou só. Sen ninguén.

Sen lembranzas.

Eu chameino o Día do Esquecemento, mais en realidade non foi un día. Foi un instante, un pestanexo, un aire frío que nos envolveu e logo... todo mudou.

E un mundo sen memoria estaba condenado a isto. Ao seu remate...»

Ela

Un refacho de vento que nace entre as árbores bate as ás esquivando as pólas e pasa por riba do muro de pedra que a vexetación devora amodiño. Revoa sobre a casa, do que queda da casa: tres paredes e unha penela de terra. Logo volve debuxando un círculo que se desfai preto de min, non sen antes pasar a súa man polo meu cabelo enmarañado.

11

É un agarimo morno. Non amaina a calor que vai.

A calor ten a fragancia do verán, penso. E a cor amarelada da morriña.

O pensamento ten algo de poético e tal como se forma vaise para sempre. Agora todos os pensamentos son fugaces como pequenas pingas de rosada que se evaporan ao espertar o día.

É mediodía.

Creo que é mediodía. Pola fame.

As noites son escuras e cavernosas, mais os días de verán son radiantes, cheos dunha luz infinita. Descanso baixo as árbores fuxindo do insoportable sol destas horas.

O pálido ceo estival baña coa súa claridade os campos e a estas horas a temperatura fai de todo imposible seguir camiñando. Abro unha das latas que levo na mochila e como sen gana.

Ao rematar, pecho un intre os ollos. O canto das charras adormece a un. Aínda así, non quero durmir a estas horas. Cando o fago, a noite pobóase de pesadelos.

12 Prefiro o cansazo. E ademais así estou alerta. É importante non confiarse. Ás veces non lembro o porqué, pero outros días decátome de que non son a única habitante da Terra e de que hai xente da que é mellor fuxir.

O vento sopra con somnolenta tranquilidade xogando coas herbas. Contemplo como xorden ondas no campo que teño fronte a min, coma se dun mar de centeo se tratase, e de novo unha sensación de soidade chega para asfixiarme.

Sei que cando iso sucede non hai remedio máxico. A tristura, faga o que faga, sabe onde agocharse; deixa pouso no meu interior agardando ocasións coma esta para florecer.

Non quero chorar.

Xa chorei demasiado. Seguro que o fixen.

Érgome, collo a mochila e pónome a andar.

Antes a calor ca a morriña.

A tarde fíxose longa, camiñando por pistas e cruzando leiras como unha sombra.

Iso son agora, unha sombra.

A vociña do meu interior dime que non me achegue ás casas. Inda teño varias latas de comida, así que non é necesario.

Para cando fago outro alto a noite xa está preto.

Sento nunha pedra a carón dun regato que aspira, co tempo, a ser un río. O son da auga tece unha melodía improvisada que se mestura coa dos animais nocturnos que se preparan a vivir.

Tento pensar cantos días van sen ver a ninguén. Non son capaz e deixo escapar o dato porque sei que non podo apreixalo.

Faime tremer a facilidade con que esquezo algunhas cousas e saber que algún día todo en min vai ser silencio. Non lembrarei xa nada... igual ca unha nena acabada de nacer e abandonada neste mundo que xa non recoñezo.

A uns metros, un edificio de pedra esmorece comido pola vexetación. É fermoso, penso. Uns castiñeiros enmarcan a construción coma se dun cadro se tratase. O sol vaise escondendo tras as paredes cheas de hedra que gabea por elas, coloreando de vermello e laranxa os cristais que aínda quedan no seu sitio.

Unha cruz de pedra. Busco se a palabra está escrita na miña alma. Xa non sei como se chamaban estes lugares. Tanto ten, os nomes xa non son importantes.

Sen facer ruído achégome á porta, unha gran prancha de madeira que curiosamente permanece no seu sitio, e entro. O interior arrastra ata min un silencio mesto, que só se rompe coas miñas pisadas, e un fedor a humidade.

Avanzo devagar polo corredor central buscando na miña cabeza o propósito daquel lugar.

A resposta queda no aire.

Quedo ollando como as últimas raiolas de sol iluminan cos seus fíos os argueiros de po que aboian no aire. Aquí dentro vai frío. En comparación co bosque, cos campos, este sitio semella outro mundo.

14 Varro coa vista toda a estancia. As sombras amoréanse neste sitio xogando coas columnas e cos arcos. Nalgunha das paredes hai escenas pintadas que tampouco podo descifrar. Sexa como sexa, as únicas pegadas que destacan no sucio chan cuberto de cascotes son as miñas. Aquí non entra ninguén dende hai moito tempo. Nin sequera os ratos.

Un bo lugar para pasar a noite.

A escuridade xa non está lonxe. Atopo un recanto apartado subindo por unhas escaleiras estreitas e alí, despois de limpar un pouco a bufarda, estiro a miña manta. Logo, saio fóra a refrescarme no regato e a cear unhas mazás dunha maceira que vin ao chegar.

Un sol débil, de cortiza, marcha paseniño deixando detrás a noite.

Estomballada no medio daquela penumbra pregúntome unha vez máis cal será o meu nome.

Teño a certeza de que o meu nome verdadeiro será a chave que abrirá todas as lembranzas. Pero noite tras

noite négase a saír. E coa mesma frustración de cada día quedo durmida.

Abro os ollos.

A pálida luz da mañá inunda en liñas oblicuas o pequeno espazo onde durmín.

Espreguízome alarmada e o meu corazón tarda uns segundos en latexar a un ritmo normal. Cada espertar é así.

Quen son? Onde estou?

Logo, o día anterior vai collendo forma ata que só queda o coñecido baleiro, ese sentimento de frustración.

A rutina teima en seguir así para sempre. Ata que non haxa un mañá.

A mala postura da noite rosma no meu corpo. Apoio as costas na parede e rebusco na mochila ata sacar o caderno. Coñezoo ben. É un libro pequeno co debuxo dun barco que resalta nunhas pastas azuis e gastadas. Trato de ler o título, mais non son quen de facelo. As letras xa non teñen ningún significado. Son puro misterio, coma case todo. Aperto o libro contra o peito e iso faime sentir mellor. É o meu faro, un xesto que recoñezo. Non sei como, pero teño a seguridade de que este caderno leva moito, moito tempo comigo.

Miro de novo a primeira páxina. Con redonda letra infantil está escrito un nome. Se cadra é meu nome.

Dentro, tamén hai un mapa. Unha estrada coloreada de gris conduce, case en liña recta, cara ao norte. E alí, eu mesma rodeei unha torre cunha pintura avermellada.

Non lembro cando o fixen nin por que, pero estou segura de que fun eu.

—Tes que chegar á torre —moumeo para min mesma coma un recordatorio; un propósito, unha meta é o que dá folgos para seguir. Para non estomballarme de novo e deixarme ir.

Gárdoo de novo e levántome.

Comeza un día. Un día máis.

16

Con ese pensamento rebulindo na miña mente saio do edificio. O sol comeza a elevarse sobre o horizonte e o día promete volver ser caloroso. O fuscillo que sobe do río aínda xoga coas árbores cando atraveso pola porta. No ceo, unhas andoriñas trazan círculos sobre min.

A miña intuición dime que antes de marchar garde algunhas mazás. E xusto nese momento, nas puntas dos pés debaixo da maceira, oio o ruído.

Quedo quieta, todo o quieta que podoo. Ao principio penso nun animal, quizais nun raposo. Xa me teño cruzado con algún de noite e o seu son non se parece a ningún outro; porén, aguzo o oído e xa non me semella un animal.

É coma un neno que chorase.

Acachópome no chan, tapada polas herbas que abundan por todas as partes, e quedo uns intres atenta, inmóbil, sen facer outra cousa.

O medo agatuña polo meu peito ata deixarme sen aire.

Os laios soan baixo e preto, case a carón de min. Podería ser unha trampa, medito, mais, se o fose, por que non

collerme xusto ao saír? Correndo coa mochila ás costas non había de chegar lonxe. Non, non semella unha trampa.

Móvome con sixilo e vou rodeando o edificio ata onde podo ver quen choromica desa forma. Volvo parar detrás duns toxos.

Xunto ao muro de pedra, sentada sobre o toco retorto dun carballo que sobresaia da terra, hai unha nena.

Ten uns seis ou sete anos, loura, co cabelo que lle cae liso sobre os ombros, e un vestidiño azul e amarelo que agocha un corpo miúdo.

A sorpresa chega coma un alustro, de súpeto.

De onde sae aquela meniña?

Polos arredores non se ve ninguén máis. É coma se aquela nena pasase alí a noite e acabase de espertar. Isto non ten moito sentido. Fago memoria e chego á conclusión de que antes de deitarme non había ninguén preto do vello edificio. Comprébeino. E pola noite, na completa escuridade que arrodeaba o mundo, non era posible que ela soa chegase ata alí.

Non sei que facer.

Podo dar media volta en silencio e desaparecer. Seguir o meu camiño.

Tamén podo...

Érgome. Camiño amodo ata a rapaza e ela tarda un bo anaco en decatarse da miña presenza. Cando o fai, deixa de saloucar.

Abre uns ollos coma pratos e queda petrificada como se se lle acabase de aparecer unha fada.

—Estás soa? —saúdo levantando a man.

A nena segue sorbendo os mocos e non contesta.

—Hai alguén contigo? —a pregunta queda de novo sen resposta.

Adiántome devagar ata que non nos separan máis dun par de metros. Non semella asustada. Mira cara a min máis con curiosidade ca con medo. Entrelaza os seus dedos e permanece en silencio.

Finalmente, sento a carón dela.

—Por que choras? Perdícheste?

18

Saco unhas galletas húmidas e brandas do interior da mochila e ofrézollas. Non teño que insistir. Colle unha e devóraa nun par de bocados. Non pide máis.

—E non saberás como te chamas?...

A nena nega coa cabeza.

—Eu tampouco.

Póño-me eu tamén a comer unha galleta e gardo as demais.

—Como chegaches ata aquí? —a súa resposta é enco-ller os ombros—. Será mellor que miremos polos arredores. Quizais alguén te estea buscando.

Doulle a man e as dúas, sen dicir nada, baixamos polo camiño que vin o día anterior.

Así, deste xeito tan sinxelo, selamos o noso destino.

Todo o día pasámolo alí. Miramos nas casas, percorremos as leiras, incluso baixamos a unha vella estrada pescudando respostas.

Non hai ninguén máis ca nós.

E case non falamos. En todo o tempo o máis que lle saco é algún monosílabo. *Si, non...* Teño medo de que xa

non lembre nada, de que todo sexa silencio no seu interior.

Compartimos a comida no salón dunha casa de dous andares onde atopamos máis latas e onde acendemos un lume para quentar un bote de feixóns.

Pola tardiña, cando o ceo volve tinguirse de laranxa, volvemos ao edificio da cruz.

—Durmiremos aquí —ordeno, aínda que sei que a rapaza me seguirá coma un cadeliño. Fíxoo todo o día—. Non me gusta durmir nas casas.

19

E acubilladas unha xunto á outra, naquela escura bufarda onde durmira o día anterior, o sono véncenos.

Antes de pechar os ollos sinto como a nena aloumiña as súas mans entre as miñas e se arrima ao meu corpo.

Esta noite o meu último pensamento non é para o meu nome. É para a estraña sensación de non estar soa.

É a primeira vez en moito tempo.

Un sorriso débúxase nos meus beizos. E así quedo profundamente durmida.

Quen son?

A vociña repite a pregunta mentres segue o desacougo nada máis abrir os ollos.

Quen son? Quen son?

O tempo delóngase ao ritmo dos latexos mentres busco sen sorte a resposta. A vista tenta acostumarse á penumbra e as manchas grises comezan a formar figuras e obxectos.

Quen son? Onde estou?

Algunhas pezas da memoria, as poucas que quedan, encaixan con lentitude abrindo unha fenda en min pola que entra algo de recoñecemento.

Unha casa cunha cruz.

Non sei que lugar é este, trato de responder.

Tanto ten, aquí estás.

20 Vexo a mochila ao meu carón. Unha visión dun mundo roto ocúpao todo. Xa non hai mundo. A idea, afundida na tristeza, bracea con forza para saír ata que decido que esa é a verdade.

Non lembras.

Non hai lembranzas.

O mundo acabouse.

Incorpórome cos músculos protestando por unha mala postura e un chan duro e durante uns segundos deixo que a respiración galope ata que recupera a lentitude. Hai días que boto a chorar. Hoxe non. Algo bo ten a falta de memoria, hai días que incluso fai esquecer a tristura.

Estou nunha bufarda, un lugar cheo de arañeiras e trastes vellos cubertos de po. Onte debín decidir durmir aquí. Algo lembro. Unhas mazás e un home e unha muller expulsados dun xardín.

Lembra...

A vociña suplica. Sempre o fai. Hai tempo que deixei de tentar explicarlle que non podo. Xa o debería saber. A súa insistencia tórnase en rabia.

Entón, unha táboa renxe. É un son case imperceptible, pero chega ata min e quedo quieta. E tensa.

Os triángulos de luz que se coan por algúns buratos iluminan co seu suave verniz o pequeno cuarto.

Hai alguén.

Unha nena loura, anicada nunha esquina, olla para min cunha mestura de intriga e diversión.

Rebusco con rapidez nas lembranzas. Hai algo... sei que hai algo.

Unha nena e mais eu buscamos polas casas. Non había respostas. Lembro falar con ela. E pouco a pouco o día anterior comeza a debuxarse por enteiro.

Xa sabes.

Xa sei.

Segue co vestidoño, agora todo cheo de engurras. E ten cara de contenta. Tento relaxarme e saúdo cun aceno. Foi un sorriso? Algo que se lle parece. Que verá en min, preguntome. Unha rapaza de dezaseis ou dezasete anos co cabelo negro e crecho, tan indomable que terei aspecto de tola. Estarei moi delgada. A miña cara ten trazos afiados e hai unha cicatriz que baixa pola meixela coma un río que desemboca no pescozo.

A rapaza agarda. Quere que diga ou faga algo, supoño.

Hai días que non mudo de roupa. O fedor que desprendo debe ter vida propia.

De súpeto, é ela a primeira que fala.

E sorpréndeme.

—Chámome Sara.

Entón si, boto a chorar.

As dúas camiñamos da man pola corredeira que se abre paso entre o bosque. Ás veces, as herbas e as silvas non nos deixan ver cara a onde imos, mais pronto volvemos atopar o camiño que queremos. Así, chegamos a un alto dende onde se ve o mar, un mar azul e tranquilo que penetra na terra coma un río.

Saco o caderno e miro o mapa. A ponte que aparece no debuxo é a mesma que temos diante, alá ao lonxe, coas dúas torres levantadas ao ceo. Seino porque ademais no horizonte están as illas do mapa.

A pequena contempla abraiada a paisaxe cos ollos de quen ve todo por vez primeira. A visión da ponte faille latexar o corazón con máis forza. A min tamén.

—É moi fermosa —di.

—Si que o é. Ese —sinalo—, é o noso camiño, a estrada que debemos seguir.

E ambas as dúas continuamos camiñando cara ao fondo da montaña, xusto ata o mar, alí onde a ponte cruza dun lado a outro do mar.

Baixamos a aba por campos onde a vexetación cobre todo, salvo alí onde algún incendio calcinara as árbores, converténdooas en cinza e deixando no seu lugar unha mancha negra. Seguimos pequenos camiños que caracolean polas suaves faldras da serra, sen perder de vista a estrada do mapa que avanza cara ao norte como unha liña feita a lapis, cortando a paisaxe coma un coitel.

24

Vémonos rodeadas de árbores que agochan casas abandonadas, vellas antenas que destacan por riba das altas copas e sempre o mar. Centos de ovelliñas brancas parecen brincar sobre a auga.

A media mañá cruzamos a ponte sen facer caso dos poucos coches que quedaron nela para sempre, apuntando a todas as direccións. Creo que é o máis alto que estiveron nunca, e sorpréndeme que non teñamos medo a caer. Tampouco nos achegamos á varanda metálica porque nalgúns sitios xa non está. Precipitarse ao mar non sería difícil con este vento que chega por ambos os lados.

A moita distancia, a cidade morta despídese de nós cunha columna de fume gris que sae dende a torre dalgún edificio. Non me dá mágoa ningunha deixala atrás.

Seguimos a estrada que non deixa de subir ata que podemos saír dela e continuar polo monte, todo o lonxe das casas que podemos.

—Que é aquilo? —pregunta Sara sinalando a metade da ría.

—Unha illa.

—Vive alguén alí?

Unha tea branca abanea pendurada do balcón da casa que se ve. Como o voo dun colibrí, un pensamento pasa fugaz polos meus recordos. Dúas illas, unha pequena ponte, un cárcere.

A lembranza, tal como aparece, esvaécese.

—Non sei que lugar é.

Seguimos camiñando, pero a nena non deixa atrás a súa curiosidade.

—Parece que vive xente alí...

Non sei como explicalo de forma que o entenda. Sento na herba a carón do camiño, saco a cantimplora e boto un longo grolo. A nena senta xunto a min.

—Cando foi o Esquecemento —comezo a explicar— todo o mundo perdeu a memoria.

Unha nova pregunta ábrese paso ata a súa boca.

—Que é a memoria?

—A memoria é todo. É saber quen es, onde estás, cara a onde vas... Saber o teu nome, o nome de teus pais...

Sara reflexiona sobre as miñas palabras.

—Eu sei o meu nome.

—Eu non.

—Por que non sabes o teu nome?

—Pouca xente o sabe xa. Non todo o mundo esqueceu as mesmas cousas. Algúns esqueceron todo, mesmo que tiñan que comer ou respirar... Eu deixei atrás o meu nome xunto con case todos os recordos.

Un refacho de vento move un cartel de letras alaranxadas que penduran dun poste.

—O Esquecemento cambiouno todo. Agora só quedamos nós, os que non teñen memoria. Os que unicamente pensamos en sobrevivir.

—E ese lugar? —tatexa indicando de novo a illa.

—Algúns pensan que é máis doado sobrevivir en grupo. Axúdanse uns aos outros, supoño.

—E por que non imos alí?

Debuxo un sorriso triste.

—Eu son moi desconfiada. E ademais, quero chegar á torre.

O xogo non remata nunca.

—Que é unha torre?

Saco o mapa, desdóbroo e póñoello enriba das pernas.

—Ves, esta é a gran ponte —indícolle sinalando o debuxo—. E aquí está a illa.

—E que pon aquí?

—Non o sei. Xa non lembro como se le. Será o meu nome, pero non podemos sabelo.

Percorro a liña da estrada coa xema do dedo ata chegar case á parte de arriba do mapa.

—E aquí quero chegar. Á torre. Non me preguntes por que, mais estou segura de que é importante. E ademais, non temos outra cousa que facer.

A rapaza queda convencida. Volve a ollar cara á illa e compáraa coa que aparece no papel amarelado que sostén.

—E seguiremos perdendo a memoria?

—Non o sei. Ninguén o sabe.

Ás veces a mentira é mellor ca a verdade.

O son dos grilos reina sobre o silencio. A lúa crecente baña cun chisco de luz os campos adurmiñados e xoga coas pólas das árbores sobre as nosas cabezas.

Cústame pechar os ollos. O murmurio das follas movidas polo vento, coma o canto das sereas, queren conducirme a momentos esquecidos. Envolta na escuridade, o perfil de Sara, que dorme feita un nobelo baixo a manta, deseña unha cordilleira azulada.

27

A pouca distancia, o laio dunha curuxa enche a calixe que nos circunda.

Repaso todo o que permanece do día. Anoto mentalmente o que fixemos, o que vimos ou falamos, para tentar gravalo dentro de min. É un traballo fútil pero non teño outra cousa que facer. O sono non chega.

—Como che chamarei? —preguntou Sara—. Dalgunha forma terei que chamarche.

E contestei o primeiro que me pasou pola cabeza.

—Chámame Ela.

Non se me ocorreu ningún outro nome.

O esquecemento desborda coma un vaso de auga cheo.

A rapaza, tan calada ao comezo, ábrese agora a min con facilidade. Non sei a que obedece este cambio, mais agradézoo. Falar é algo que tiña case esquecido.

Sara pregunta, comenta e nada do que di me achega a descubrir o seu misterio, a súa aparición.

Non me explico que ela soa chegase ata alí. Está claro que por si mesma non podería sobrevivir neste mundo. Demasiado inocente. A vida é incompatible coa inocencia. Non ter maldade é unha sentenza de morte.

28 Non é a primeira vez que vexo cadáveres no meu camiño. Xente roubada e asasinada, na maioría dos casos sen motivo. Cal podería ser? Comida hai abondo. Comida e auga hai por todas as partes. Se lembras como collela, claro. A medida que esqueces aproximaste á túa fin, ata á morte, que tamén é esquecemento.

Sara é inocente. E non é unha carauta que poña. Non ten os anos necesarios para aprender a enganar. Non, detrás dos seus ollos agóchanse verdade e medo. Seino porque eu atesouro o mesmo no meu interior. Todos os demais sentimentos son historia. Só quedan o medo, a ansiedade, a rabia e a dor.

Seica o mundo era outra cousa? Iso xa non existe.

Só quedamos os superviventes e temo que nos queda pouco tempo, salvo que un milagre veña salvarnos.

E a miña intuición dime que non crea nos milagres.

Rumio todo isto na miña cabeza mentres camiño observando como Sara corre diante de min, collendo flores ou perseguindo bolboretas.

Sorrío.

Se cadra hoxe é o derradeiro día en que poderei sorrir, así que o fago. Mañá será outro día. Aspiro o presente co aire.

O sol baixa polo ceo azul facendo que as nosas sombras crezan. Hai un anaco ía en camiseta e tiven que poñer a chaqueta. Comeza a ir frío. Miro para a rapaza e penso que terei que buscarlle outra roupa. O vestido azul e amarelo chama demasiado a atención. Se quero que teña futuro debo conseguir que se pareza a min. Ser unha sombra. Cambiará risos por desconfianza. Pagará a pena?

Non teño resposta.

O único en que penso é en vivir un día máis.

29

O amencer descóbrenos durmindo preto dun campo de herba. Alborece unha mañá luminosa cando abro os ollos. O primeiro que vexo é o rostro de Sara, e como auga saíndo dunha billa os recordos dos últimos días precipítanse dentro de min. Sei quen son, aínda o sei. Ergo a cabeza e o único que vexo é o verdor ao noso redor. O abrente vai clarexando a Terra e unha sucesión de cores cobre o ceo ata tornarse azul. Un azul limpo e claro. Outro día en que a calor fará o seu traballo.

Xa de pé sigo coa vista unha pequena manda de cabalos que galopa cara a unhas ruínas onde se alza unha pequena torre. Son cabalos pequenos e robustos que se moven con elegancia sacudindo unhas crinas grosas. Todos son negros salvo un que é castaño. A estampa é fermosa.

Para cando os vexo desaparecer entre os muros caídos xa Sara espertou.

—Que miras?

Dou a volta. Ten a cara colorada e unhas herbas entrelazadas no cabelo. Case semella un diadema.

—O bonito que é todo.

Para ela é evidente. Acabo de dicir unha parvada, de subliñar o obvio. Eu esquézoo moitas veces. Tanto pescudar dentro de min para achar respostas que o de fóra desaparece. As preocupacións son coma un veo que se estende sobre o mundo e non nos deixa ver a súa beleza.

30 Sara non perde o tempo. Deseguida está collendo flores e botando a andar cara ao mesmo punto onde perdín de vista os cabalos. Recollo a mochila e non fago máis ca seguila. Pesa pouco. Hoxe teremos que buscar comida. Ao lonxe hai unha aldea. Non será difícil.

Abre o día.

Outro día máis.

O vento sopra entre as follas envolvéndoas, tecendo a súa música. O zunir do vento vai e vén.

Subimos unha costa e baixamos polo outro lado, sempre baixo as árbores. Hainas por todas as partes. O mundo é delas.

Normalmente Sara vai diante, aínda que, cando para a recoller algunha cousa do chan, adiántoa e sácolle uns metros. Despois, vén trotando cara a min e ensíname o que recolleu.

—Mira, Ela, unha cabeciña...

Todo é novo e coa súa curiosidade resulta imposible pasar por alto unha simple landra. Non me pasa des-

apercebido que non esqueceu o nome que lle dixen. Por momentos teño que pensar se non será o meu nome verdadeiro, pero logo decátome de que non. *Ela* só é a súa forma de chamarme.

Nalgúns lugares atopamos moitos restos de anos atrás, testemuño do paso dos homes por alí. E xogamos a inventar a súa historia.

Unha parella de namorados buscando tranquilidade. Unha familia de excursión. Un estudoso dos insectos na busca dunha nova especie. Sara ten máis imaxinación ca min. Cando me toca, o único que fai é preguntar. Faino ata que quedo sen respostas e o xogo remata.

O día avanza sereno. Levamos camiñando o suficiente para repousar un pouco. Preto hai unha casa de pedra sepultada pola vexetación.

Esperamos, aguzamos o oído e, despois de asegurarnos de que estamos soas, achegámonos saltando as silvas que a rodean.

Dentro do muíño a temperatura baixa uns graos. Estase ben. Un espazo tan pequeno resúltame algo claustrofóbico, pero é un bo lugar para pasar o mediodía, cando fóra a calor alcanza o seu maior nivel. Aquí dentro, Sara poderá durmir un pouco. Quizais eu tamén.

A auga que fai xirar a nora de madeira que hai na traseira move aquí dentro unha pedra circular. Paro a pensar para que pode servir iso, mais non chego a ningunha conclusión. Talvez o fixeron simplemente porque era fermoso. Imaxino a parellas de namorados aquí dentro desfácéndose a bicos, moumeando palabras de amor.

A pedra, que dá voltas sempre ao mesmo ritmo, enche as catro paredes dun rumor xordo, dun son apagado. É coma unha canción sen letra, un recordatorio de que aquí houbo vida.

Agora non hai nada.

A soidade.

Igual en todo este tempo somos as primeiras en entrar. Igual seremos as últimas, sospeito.

32 Tirámonos no chan amoucadas e ao pouco vexo como a rapaza pecha os ollos e dorme. Sinto unha fonda envexa. Eu non deixo que o sono me venza. A desconfianza é unha amiga fiel, nunca se separa de min. Xa durmirei pola noite, afirmo para min mesma. Agora, toca vixiar. Polo menos que Sara descanse. A rutina de cada día, buscar comida e fuxir, seguir o camiño da torre, leva o risco de caer no abatemento, no desánimo. Non podo permitilo. Repito a ladaíña que me mantivo con vida: «Cada día é importante. Todos os días son importantes. Non podes deixarte ir.» A vida flúe polas veas. Dirixo o pensamento cara a iso. Se son unha das últimas debo loitar ata o derradeiro alento.

Por unha ventá cadrada vexo o bosque. A uns metros escasea a vexetación e hai unha calva. Os toxos agochan os restos dunha máquina de metal enferruxada. Dende onde nos atopamos semella que ten dúas ás e preguntome se realmente antes podíamos voar. Non o creo. Soa demasiado fantástico. Logo, cando Sara esperte iremos botar unha ollada. Poderíamos atopar algo que nos sirva.

E se non, quizais aprendamos algo. De momento, pego as costas á parede e pecho os ollos.

Cada día é importante.

Aínda coas pálpebras pechadas, o pouco de luz que entra faime ver muxicas que se moven fronte a min. Estase ben aquí.